



*a cabalo
e
a camelia*

Carmen García, Andrea González, Amalia Iglesias,
Candela Hermida, Daniel Cernadas, Iago de Larrínaga,
Telma Lago, André Bernal

Veña, abre dunha vez!

BIBLIOTECA

É que cos nervios non atino coa pechadura.

Hai luz!

Non pode ser.

Quen encendeu estas velas?

A min non me preguntes.

Xa estamos aquí!

Ah!


Ah!

Que pasa?

Nin que vídeses unha pantasma.


Podíades ter entrado con máis xeito.

Para que encendestes as velas?



Non fomos nós.
Xa estaban acesas.

Como é
posible?




Pero se hoxe é domingo.
O instituto está cerrado.

Aquí estamos
nós soas, non?




Eu marcho de aquí.

Que dis? Agora
temos que seguir
ata o final.




Isto é moi misterioso.

A min tampouco
me gusta.



Veña, será mellor
acabar canto antes.

Iso é. Quen ten
o pergamiño?



Aquí está.

A ver, achégao
aquí á luz.



Le as indicacións.

Un momento. Estas letras non estaban antes.



Pero que pasou aquí?

As outras desapareceron.



Pero se as acabamos de ver.



A ver. De que letras falades?



Aí están. É a luz das velas o que as fai aparecer.

Isto non vai saír ben.



Parece latín.

Pois non nos vai servir de moito.

Aquí hai un dicionario.



Esquerda.



Xa está.

Ten que ser
neste estante.



Se comezas a contar
pola esquerda...

Un momento. E se
contamos os chanzos?



Aquí
hai algo.



Un libro antigo.



Non me digas que o misterio que encerraba o pergamiño era un libro.



Eh! Que é isto?

Tén algo dentro.



Isto é demasiado complicado para nós.




Déixame a min.

Que di?



É mellor que esquezamos isto.

“... Un conxuro con eses obxectos. Todo iso antes das seis.” Imposible.



Temos dúas horas.

Non podemos. Esas ánimas precísannos.



Non nos dá tempo.



E se nos repartimos?

Ás seis menos cuarto aquí. Sorte.



Espero que non me fallen.



Mira! Aí están!



Eu non os vexo.

Non pensarás que eses dous son turistas?



Esos dous que están de costas?

Non poden mirarse á cara ata que resolvamos o enigma.





A ver, leo outra vez.

“Gardados polos apóstolos que, vestidos verán e inverno...”



Non sei. Eu non vexo apóstolos.

Se cadra refírese a outra cousa.



... onze e doce. Xa está, son estas árbores.

Claro, as camelias teñen follas en todas as estacións.



Esperemos que estas pólas cortadas coa daga sexan a solución.



Si! Conseguímolos!

Canto tempo levarían sen poder mirarse?



Resolvemos o enigma.

Espero que as outras tivesen éxito co seu.




Non os vexo.

Seguro que é nesta praza?

Ten que ser: "As dezaseis ferraduras están molladas".



Si. Está claro



"O moribundo quixo coller auga pero a cuarta besta estaba seca. Precisaba o son da raíña que a custodiaba".



Pero estes cabalos botan todos auga.

"A cuarta besta".

Mira, aí está o moribundo.



Había un cabalo seco.



Precisa o son da raíña...

... que o custodia.



O son...

Música. Hai que buscar a un músico.



Non é iso. Ten que ser a raíña.

Pois como non sexa o son das campás...



Que hora é?

Van dar as cinco. Quédanos unha hora.



Berenguela é a raíña. É a campá que custodia esta praza. Temos que agardar ás cinco para oíla.




Xa está soando.

Mira. O cabalo xa bota auga.



Xa lle podemos dar de beber ao moribundo.



Pois non resultou tan complicado.

Vamos, a ver se as outras resolveron o seu enigma.




Xa chegastes.

Apurade! Xa van dar as seis!




Descifrades o enigma?

Si. Trouxemos estas pólas de camelia.




A daga era para cortalas. E vós?



Collemos auga da boca dun cabalo...

A ver. Como é iso?



Xa volo explicaremos despois. Veña, hai que facer o conxuro.

Achega o pergamiño á luz das velas.



“... e pronunciar esta palabra mentres se espalla a auga polo cuarto coa póla de camelia”.



Veña, todas xuntas: xarataielasbirii!



Ah!

Ah!



Grazas.



Desapareceu!



Ese era o seu desexo: marchar para sempre.